

NOTA DE PRENSA

O PSOE denuncia que a Xunta discrimina sectariamente a Monforte de Lemos na concesión de obradoiros de emprego por sexto ano consecutivo

O Grupo Parlamentario rexistrou no Parlamento unha batería de preguntas para instar ao Goberno galego a deixar de marxinar á cidadanía monfortina, en especial aos 1.700 desempregados e desempregadas, por motivos ideolóxicos e partidarios

O PSOE considera que todos os cidadáns e cidadás, vivan no lugar que vivan, e teñan os gobernantes que teñan, deberán ter as mesmas oportunidades de recibir recursos públicos das diferentes administracións. “Facer o contrario nun tema tan sensible como son as persoas en paro, parécenos francamente lamentable”, afirman

Os deputados socialistas instan á Xunta de Galicia a explicar os motivos para denegar por sexto ano consecutivo a creación do obradoiro de emprego en Monforte, e se ten a vontade para rectificar esa “inxusta decisión”

MONFORTE DE LEMOS, 7 DE ABRIL DE 2015.- Os deputados autonómicos do PSOE de Lugo – Juan Carlos González Santín, Vicente Docasar, Concepción Burgo e José Ramón Val- anuncian que veñen de rexistrar no Parlamento galego unha batería de preguntas para pedir ao Goberno de Feijóo que deixe de discriminar sectariamente a cidade de Monforte de Lemos na concesión de obradoiros de emprego por motivos ideolóxicos ou partidarios.

Segundo explican os socialistas “é o sexto ano consecutivo que a Consellería de Traballo marxina aos desempregados e desempregadas monfortinos, sen ter en conta á hora de conceder o obradoiro de emprego que, cunha cifra de 1.700, é o segundo municipio da provincia en canto a persoas en paro”.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que todos os cidadáns e cidadás, vivan no lugar que vivan, e teñan os gobernantes que teñan, deberán ter as mesmas oportunidades de recibir recursos públicos das diferentes administracións. “Facer o contrario nun tema tan sensible como son as persoas en paro, parécenos francamente lamentable”, afirman.

Os deputados denuncian que ao mesmo tempo que isto se produce hai diferentes concellos na zona que son beneficiarios dos obradoiros con asiduidade, aínda que en moitas ocasións teñen problemas para poder cubrir as prazas que lles conceden. Ante a evidencia dos datos os socialistas entenden que “a concesión dos obradoiros por parte da Xunta de Galicia faise con criterios de sectarismo político e facendo un uso fraudulento dos recursos públicos procedentes en boa parte do fondo social europeo”.

Ningún proxecto aprobado

A cidadanía monfortina viu como ano tras ano lle era denegado un obradoiro de emprego para poñer en valor o entorno de San Vicente, lugar onde os técnicos din que podería haber importantes restos arqueolóxicos. Neste ano cambiouse o proxecto, e presentouse o denominado Ruta Verde, para a recuperación das zonas verdes da cidade, e o resultado segue a ser o mesmo.



NOTA DE PRENSA

“Inxusta decisión”

Por todo elo, os deputados socialistas instan á Xunta de Galicia, e en especial á Consellería de Traballo, a explicar os motivos que teñen para denegar, por sexto ano consecutivo, a creación dun obradoiro de emprego en Monforte. Ademais insisten na necesidade de que o Goberno galego deixe de excluír á cidadanía monfortina e rectifique a “inxusta decisión” de deixala fóra do reparto dos obradoiros de emprego.

Outros concellos marxinados

Monforte de Lemos non foi o único Concello marxinado da provincia de Lugo polo “partidismo e o sectarismo absoluto” co que actúa a administración autonómica. A pasada semana, os alcaldes de Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro xa lamentaron que unha vez máis fosen discriminados pola Xunta de Galicia no reparto dos obradoiros de emprego, a pesares de cumprir “escrupulosamente, ano tras ano, coas directrices fixadas pola administración autonómica”.